



ACTIVIDADES  
**2025**

# Actividades 2025

## **1. O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA** **pax.**

<b>1.1.COMPOSICIÓN .....</b>	<b>3</b>
<b>1.2.NATUREZA E FINALIDADE .....</b>	<b>5</b>
<b>1.3. FUNCIONS .....</b>	<b>6</b>
<b>1.4. ORZAMENTO .....</b>	<b>6</b>

## **2.- ACTIVIDADE DO CES GALICIA NO 2025**

<b>2.1 DOCUMENTOS APROBADOS: MEMORIA, INFORMES, DITAMES.....</b>	<b>8</b>
<b>2.2 ACTIVIDADE INSTITUCIONAL E PROXECCIÓN.....</b>	<b>16</b>
<b>2.3 PRESENCIA INSTITUCIONAL.....</b>	<b>42</b>
<b>2.4 COMPARECENCIAS.....</b>	<b>44</b>
<b>2.5 VISUALIZACIÓNS CANLE YOUTUBE.....</b>	<b>45</b>
<b>2.6 REUNIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS.....</b>	<b>46</b>
<b>2.7 PRÉSTAMO DE SALAS PARA ACTIVIDADES DE OUTROS ORGANISMOS.....</b>	<b>51</b>

## 1.- O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

### 1.1.COMPOSICIÓN

O Consello Económico e Social está formado por 38 membros: tres grupos de 12 membros, máis Presidente/a e o Secretario Xeral.

- Grupo 1: Os seus doce membros son designados polas **organizacións sindicais** en función da súa representatividade. Neste momento, catro membros corresponden á Confederación Intersindical Galega, catro membros a UGT–Galicia e catro membros representan a Comisións Obreiras de Galicia.
- Grupo 2: corresponde as **organizacións empresariais** con capacidade representativa. Os seus doce membros son designados pola Confederación de Empresarios de Galicia.
- Grupo 3: Acolle diversas **entidades e asociacións cidadáns, culturais e socioeconómicas** máis representativas da realidade económica e social de Galicia . O sector agrario conta con catro representantes (segundo a representatividade obtida nas últimas eleccións agrarias, dous membros de Unións Agrarias e dous do Sindicato Labrego Galego); dous membros do sector marítimo pesqueiro, designados polas confrarías de pescadores (un de marisqueo e un de baixura); dous membros en representación do Consello Galego de Consumidores e Usuarios; tres representantes das Universidades galegas e un representante da economía social designado polo Consello Galego de Economía Social.

Cada membro ten un suplente para cubrir as súas eventuais ausencias ás reunións de traballo. Os membros son nomeados para un período de catro anos, aínda que poden ser substituídos pola súa organización en calquera momento. O substituto permanecerá no cargo ata o final do período previsto para o seu antecesor.

### COMPOSICIÓN DO PLENO

A composición do plenario é variable, xa que os membros poden ser substituídos polas súas respectivas organizacións en calquera momento do seu mandato por circunstancias diversas. Membros do Pleno a 31 de decembro de 2025 (titulares e suplentes):

## PLENO

**Presidente:** Manuel Pérez Alvarez

**Secretario Xeral:** Manuel Martínez Varela

### Membros titulares

#### Grupo 1.- Organizacións sindicais

*CIG (Confederación Intersindical Galega):*

- Mª José Alonso Rodríguez
- Anxo Noceda Carballo
- Natividade López Gromaz
- Héctor López de Castro

*CC.OO. de Galicia:*

- Carlos Pardo Pardo
- Xesús Castro Baamonde
- Maica Bouza Seoane
- Juan Martínez García

*UGT Galicia:*

- José Carlos Rodríguez del Río
- Delia Irene Martínez Conde
- Javier Carreiro Vázquez
- Eladio Romero Ares

#### Grupo 2.- Organizacións empresariais

*CEG (Confederación de Empresarios de Galicia):*

- Antonio Fontenla Ramil
- Jesús A. Méndez Álvarez-Cedrón
- José María Corujo Seguido
- David Martínez Alonso
- J. Ignacio López-Bachiller Fernández
- José Manuel Maceira Blanco
- Enrique Miguel Mallón Otero
- Francisco Couso Santos
- César Blanco Gómez
- Jorge Cebreiros Arce
- Jaime Luis López Vázquez
- Román Gómez Crespo

#### Grupo 3.- Outras entidades e asociacións:

*Universidade de Vigo:*

- Pablo Cabanelas Lorenzo

*Universidade da Coruña:*

- Angel S. Fernández Castro

*Universidade de Santiago de Compostela:*

- Edelmiro López Iglesias

*Sindicato Labrego Galego:*

- Ramón Barreiro Carnota
- Ana Eiras Regueira

*Consello Galego de Consumidores e Usuarios:*

- Miguel López Crespo
- Rosa Celia Otero Raña

*Unións Agrarias de Galicia:*

- Pedro González Boquete
- Alba Torreira Puga

*Federación de confrarías:*

- José Antonio Pérez Sieira
- Manuel Daniel Formoso Moledo

*Consello Galego de Economía social:*

- Mar Pernas Márquez

### Membros suplentes

#### Grupo 1.- Organizacións sindicais:

*CIG (Confederación Intersindical Galega):*

- Susana Méndez Rodríguez
- Lucía Freire Ces
- Xavier Rodríguez Fidalgo
- Margarida Corral Sánchez

*CC.OO. de Galicia:*

- Silvia Parga Rodríguez
- Armando Iglesias Rodríguez
- Francisco Carrera Pérez
- Joaquín García Gutiérrez

*UGT Galicia:*

- Rafael Vázquez García
- Olga Crespo Sánchez
- Mar Alfonsín Madrigal
- Trinidad Campos Rodríguez

#### Grupo 2.- Organizacións empresariais:

*CEG (Confederación de Empresarios de Galicia):*

- Ana Belén Vázquez Eibes
- Lourdes Pardo Domínguez
- Guadalupe Hervera Iglesias
- Marina Graña Bermúdez
- Verónica Val Vázquez
- Laura Otero Rúa
- Mª Dolores Bello Nine
- Luis Novoa Rodríguez
- Mª del Mar Barreiros Mariño
- María Botana Rocamonde
- Cristina Rama Molinos
- José Antonio Neira Cortés

#### Grupo 3.- Outras entidades e asociacións:

*Universidade de Vigo:*

- Mónica Villanueva Villar

*Universidade da Coruña:*

- América Álvarez Domínguez

*Universidade de Santiago de Compostela:*

- Melchor Fernández Fernández

*Sindicato Labrego Galego:*

- Ana Mª Rodríguez Vázquez
- Xosé Pérez Rei

*Consello Galego de Consumidores e Usuarios:*

- Mª Rocio Arnoso Moure
- Josefa Monteagudo Romero

*Unións Agrarias de Galicia:*

- Marta Labandeira Rey
- Jacobo Feijóo Lamas

*Federación de Confrarías:*

- José Manuel Rosas Otero
- José Basilio Otero Rodríguez

*Consello Galego de Economía Social:*

- Esther Blanco Araújo

## 1.2. NATUREZA E FINALIDADE

O Consello Económico e Social é un organismo consultivo da Xunta de Galicia en materias socioeconómicas. Creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, o CES configúrase como foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia coa finalidade de facer efectiva a participación destes axentes na política socioeconómica da comunidade autónoma.

O CES de Galicia foi creado pola devandita Lei 6/1995, do 28 de xuño, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, para facilitar a participación de tódolos galegos na vida política, económica e social e atender a aspiración dos axentes económicos e sociais de que as súas opinións e propostas podan ser tidas en conta no proceso de adopción de decisións por parte do Executivo autonómico.

A labor do CES aplícase non só á actividade normativa governamental, senón mesmo á elaboración, por iniciativa propia, de estudos e informes que conteñen propostas dirixidas a unha eventual introdución de reformas nas políticas públicas aplicadas nos diferentes sectores de actividade.

O Consello é un organismo independente do Executivo autonómico. Na súa composición, a diferenza do que acontece con órganos homólogos doutras comunidades autónomas, non figura ningún representante do Goberno.

O ámbito obxectivo para o exercicio das funcións atribuídas ao Consello son as materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, en concreto as relativas á economía, tributación, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, enerxía e industria, vivenda e mercado único europeo.

Queda fóra deste ámbito de competencias e eido das relacións laborais, atribuído en exclusiva ao Consello Galego de Relacións Laborais.

O presidente da Xunta de Galicia é o encargado de solicitar do consello a emisión de ditames ou informes de carácter preceptivo sobre anteproxectos de lei, proxectos de decretos legislativos ou plans xerais ou sectoriais. Cando un departamento ou consellería competente entenda que un proxecto non require ditame preceptivo, deberá xustificar, coa correspondente memoria explicativa, a non remisión do mesmo a este organismo.

### 1.3. FUNCIONES

As funcións do Consello Económico e Social de Galicia, reguladas no artigo 5 da súa Lei de Creación son:


- 1- Emisión de ditames preceptivos sobre anteproxectos de lei e proxectos de decretos lexislativos que regulen materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. Tamén pode ser consultado facultativamente para outros asuntos ou materias non comprendidas no apartado anterior.
- 2- O Consello tamén elabora informes, por iniciativa propia ou a petición da Xunta de Galicia, sobre a realidade socioeconómica da Comunidade ou sobre plans o programas de desenvolvemento da mesma.
- 3- A participación en mesas sectoriais xunto con representantes da Administración é outra das funcións do CES.
- 4- A Lei recolle tamén a obriga de elaborar anualmente e remitir ao Consello da Xunta, a través da Consellería de Economía e Facenda, unha memoria sobre a situación económica e social de Galicia. Este traballo pode incluír opinións e recomendacións sobre as políticas gobernamentais.

### 1.4. ORZAMENTO

O orzamento do Consello Económico e Social de Galicia para 2025 ascendeu a 1.153.126 euros, cun incremento de 2,3 % respecto ao ano anterior.

Máis concretamente, no capítulo I, gastos de persoal, contou con 742.687 euros e no capítulo II, gastos de bens correntes e servizos, acada os 230.100 euros e para o IV, 180.339 euros.

### Evolución do orzamento do CES: 2013-25



Fonte: elaboración propia

## 2.- ACTIVIDADE DO CES GALICIA NO 2025


Como sempre, información mais polo miúdo pode atoparse na web do CES, onde están dispoñibles todos os documentos a texto completo (apartado de Publicacións ou procurarse a través do buscador: <https://www.ces-galicia.org> )

### 2.1 DOCUMENTOS APROBADOS: MEMORIA, INFORMES, DITAMES.

#### **MEMORIA SOBRE A SITUACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL**

A Comisión sectorial nº 4, cuxa presidencia, neste ano, correspondeu á representante da CIG, foi a encargada de elaborala co apoio do Gabinete Técnico e do Centro de Documentación. A proposta de Memoria elaborada pola dita comisión sectorial logo de nove sesións, foi tramitada pola Comisión Permanente deste organismo na súa sesión 7/25, do 1 de outubro e de acordo coa normativa, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia aprobou por unanimidade, na súa sesión 7/25, do 1 de outubro, a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2024.

Como cada ano, estúdiase a situación sobre os datos estatísticos correspondentes ao exercicio anterior.



A Memoria 2024 como as anteriores, pode consultarse na web do CES:

<https://www.ces-galicia.org/memorias-socioeconomicas/memoria-socioeconomica-de-galicia-2024/>

### **INFORME 1/25: “CIDADANÍA E A ECONOMÍA CIRCULAR”.**

O informe, “Cidadanía e a economía circular” redáctase a petición do Consello Económico e Social da Xunta de Galicia, por encargo formalizado á Universidade de Vigo, actuando como Investigador Principal ao catedrático Xosé H. Vázquez Vicente, membro do do Grupo de investigación REDE.

Foi aprobado polo Pleno do CES Galicia na súa sesión 1/25 do 6 de febreiro de 2025.

A CIDADANÍA GALEGA  
E A ECONOMÍA CIRCULAR

Colección informes 2/24



<https://www.ces-galicia.org/informes/cidadania-e-economia-circular/>

**INFORME 2/25: “ARQUITECTURA E OFICIOS EN GALICIA.PERSPECTIVAS DE FUTURO”.**

O informe, “Arquitectura e oficios en Galicia. Perspectivas de futuro” redáctase a petición do Consello Económico e Social da Xunta de Galicia, por encargo formalizado á Universidade da Coruña, actuando como Investigadora Principal a Profesora Doutora Luz Paz Agras, membro do CISPAC - Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais.

Foi aprobado polo Pleno do CES Galicia na súa sesión 3/25 do 19 de marzo de 2025.



<https://www.ces-galicia.org/informes/arquitectura-e-oficios-en-galicia-perspectivas-de-futuro/>

### **INFORME 3/25: “A SAÚDE MENTAL EN GALICIA. UNHA OLLADA SOBRE O SISTEMA E ALGÚNS APUNTES PARA A SÚA MELLORA”.**

Máis dunha trintena de propostas e recomendacións para a procura dunha mellora da atención aos trastornos mentais rematan o informe sobre a saúde mental en Galicia, aprobado polo Pleno do Consello Económico e Social . Logo de varios meses de traballo baixo a coordinación do profesor Elisardo Becoña, catedrático na USC, o documento preséntase como unha ferramenta para analizar, entender e amosar perspectivas de futuro diante dunha realidade, a da situación da saúde mental, que se percibe como un grave problema sanitario e social.

O informe do CES realiza unha análise da situación da saúde mental en Galicia e a compara con España e outros países e tenta determinar as causas, multifactoriais, de actual incremento dos problemas neste eido. Un dos apartados salientables é o referido á situación da saúde mental na contorna laboral, determinante en múltiples facetas da vida social e económica.

O estudo trata tamén os novos problemas do actual estilo de vida e sinala factores facilitadores da situación de crise da saúde mental actual, que prantexa importantes retos para o sistema de atención á saúde mental en Galicia. Entre outros aspectos, fai propostas sobre como previr os trastornos mentais e mellorar a saúde mental e sobre como mellorar a accesibilidade e o tratamento dos trastornos mentais e do comportamento.

Foi aprobado polo Pleno do CES Galicia na súa sesión 8/25 do 17 de novembro de 2025.



<https://www.ces-galicia.org/informes/a-saude-mental-en-galicia-unha-ollada-sobre-o-sistema-e-alguns-apuntes-para-a-sua-mellora/>

## **DITAME 1/25: ANTEPROXECTO DO PLAN DIRECTOR DO SECTOR DE AUTOMOCIÓN 2025-2027.**

En data 26 de novembro de 2024 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto do Plan Director do sector de Automoción 2025-2027. O texto foi remitido, na mesma data, á presidencia e aos membros da Comisión Sectorial 1, *Economía, Emprego e Sectores Produtivos* que acordou aprobar a proposta de ditame na súa sesión 2/24 de data 5 de febreiro.

O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 3/25 do 7 de febreiro, acorda aprobar o ditame para a súa tramitación.



O ditame pode consultarse no seguinte enlace:

<https://web.ces-galicia.org/publicacions/ditames/ditame-sobre-anteproxecto-lei-estat%C3%ADstica-galicia>

## **DITAME 2/2025: ANTEPROXECTO DO PLAN DIRECTOR DA CONSTUCIÓN NAVAL 2025-2027.**

En data 12 de decembro de 2024 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto do Plan Director da Construción Naval 2025-2027.

O texto foi remitido, nesa mesma data, á presidencia e aos membros da Comisión sectorial número 1, Economía, emprego e sectores produtivos, competente por razón da materia, para a posterior elaboración do correspondente ditame e aprobación na súa sesión 6/25 do 28 de febreiro. O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 3/25, do 19 de marzo, e tras coñecer o texto remitido, acorda a súa aprobación.



O ditame pode consultarse no seguinte enlace: <https://www.ces-galicia.org/ditames/ditame-2-25-construcion-naval/>

### **DITAME 3/2025: ANTEPROXECTO DE LEI DE PROTECCIÓN DA SAÚDE DAS PERSOAS MENORES E PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADICTIVAS.**

En data 21 de abril de 2025 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto de Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas .

O texto foi remitido a Comisión sectorial 2 “*Sector público e benestar social*”, competente por razón da materia , que na súa sesión 6/2025 do 30 de xuño acordou aprobar a proposta de ditame e remitila a Presidencia do Consello para a súa tramitación.

O Pleno do consello na sesión 5/2025, tras coñecer o texto acorda a súa aprobación.



O ditame pode consultarse no seguinte enlace: <https://www.ces-galicia.org/ditames/ditame-3-25/>

## 2.2 ACTIVIDADE INSTITUCIONAL E PROXECCIÓN

Xunto coa súa actividade interna, o CES desenvolve tamén actividades de tipo externo como colaboracións con outros organismos, participación en organizacións de ámbito tanto comunitario como europeo, nun intento de proxectar á sociedade os pareceres, as opinións, as inquedanzas sociais e económicas das organizacións, entidades e asociacións representadas no seu seo.

As actividades neste campo, levadas a cabo no 2025, seguindo orde cronolóxica son as seguintes:

- **8 de xaneiro: : REUNIÓN DO GRUPO DE TRABALLO DA RTA SOBRE A MACRORREXIÓN ATLÁNTICA.**

O CES-Galicia participou nunha reunión virtual do grupo de traballo da Rede Transnacional Atlántica (RTA) encargado da elaboración dun documento sobre a macrorrexión atlántica.

Na xuntanza telemática, na que participaron representantes dos CES españois e franceses que forman parte da organización, analizouse un borrador do documento e avanzouse no mesmo de cara a súa aprobación.



- **15 de xaneiro: ACTO/COLOQUIO DA ESTRATEXIA GALEGA DE ECONOMÍA SOCIAL EGAES H27.**

A economía social, o tecido asociativo, pode ser unha boa ferramenta que nos axude na loita contra problemas graves da sociedade galega, como o valeirado poboacional, o crecente envellecemento das zonas rurais e a falta de relevo xeracional. Así o salientou o presidente do Consello Económico e Social de Galicia, Manuel Pérez, no coloquio con representantes das organizacións do sector no marco do acto de presentación dos resultados e perspectivas da Estratexia Galega de Economía Social EGAES H27.



- **29 de xaneiro: MESA REDONDA SOBRE OS SISTEMAS ARTESANAIS EN GALICIA.**

Os membros do CES celebraron un coloquio sobre o informe “*Sistemas artesanais de Galicia. Unha ollada contemporánea*” xunto coa responsable da súa elaboración. Na reunión salientouse a importancia económica e patrimonial deste sector de actividade e os participantes comentaron a necesidade de desenvolver un plan estratéxico para garantir o seu futuro.



- **31 de xaneiro: REUNIÓN DA RTA EN SALAMANCA.**

O Comité de Orientacións da RTA, do que forma parte o CES Galicia, na reunión celebrada en Salamanca, aprobou por unanimidade o documento para contribuir ao proxecto de macrorrexión atlántica e que esta sexa pertinente e eficaz.

Coa macrorrexión atlántica pretendese mellorar, igual que sucede coas macrorexións existentes, a coordinación entre os retos terrestres e marítimos e reforzar o peso político da fachada atlántica garantizando unha gobernanza multinivel (europea, nacional, rexional, local e coa participación da sociedade civil).



- **20 de febreiro: REUNIÓN DO COMITÉ DE SEGUIMENTO DO PROGRAMA FEDER 2021-2027.**

O CES participou na reunión do Comité de Seguimento do programa FEDER Galicia 2021-2027, que se celebrou en Santiago de Compostela. No seo do Comité déronse a coñecer os proxectos que a Xunta de Galicia impulsará nos próximos anos en materia de vivenda, cos

que se financiará a rehabilitación de edificios destinados a alugueiro social. Ademais, co FEDER apoiarase ao sector da automoción a través do desenvolvemento de proxectos de innovación industrial e levando a cabo medidas de eficiencia enerxética e de emprego de enerxías renovables.

O Comité coñeceu ademais as distintas iniciativas de comunicación e divulgación do destino dos fondos europeos que recibe Galicia. Salientouse, entre outras, a iniciativa de percorrer diferentes localidades galegas cunha exposición itinerante onde se amosarán os proxectos concretos nos que se materializan os fondos europeos recibidos.

A reunión contou coa participación do conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, que lles deu a benvida en Santiago de Compostela aos membros do Comité. A xuntanza estivo presidida polo director xeral de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública, Ángel Tarrío, e por representantes da Autoridade de Xestión do Programa. Ademais, estiveron presentes membros do Ministerio de Hacienda e da Comisión Europea e das organizacións económicas e sociais con máis representatividade en Galicia.



- **28 de febreiro: ACTO DE ENTREGA DO XI PREMIO VALENTIN PAZ ANDRADE**

Un traballo sobre o furtivismo no marisqueo galego foi o gañador da undécima edición do Premio Valentín Paz Andrade na categoría de artigos, mentres que o galardón para teses doutoriais foi para un estudo sobre análise da economía rexional con novas metodoloxías. O acto de entrega deste certame, que convocan o Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (Idega) da USC e o Consello Económico e Social de Galicia (CES), tivo lugar hoxe na pazo de San Xerome compostelán.

Hugo M. Ballesteros, Eduardo Sánchez Llamas e Gonzalo Rodríguez foron os gañadores na modalidade de artigos publicados en revistas científicas, coa súa análise do furtivismo en Galicia, mentres Fernando de la Torre Cuevas foi galardoado pola súa tese doutoral. Nesta edición, o xurado decidiu outorgar un áccesit, na categoría de artigos científicos, a Rubén Boga e Valerià Paül por unha investigación sobre a viabilidade de pequenas produccions en indicacións xeográficas protexidas.

O acto foi presidido polo reitor da USC, Antonio López, e contou coa presenza do director do IDEGA, Rubén Lois, e o presidente do CES, Manuel Pérez.



- **3 de marzo: REUNIÓN CA FUNDACIÓN INADE.**

Representantes da Fundación Inade explicaron ao presidente do CES a postura da entidade diante dos riscos detectados nas instalacións industriais a causa de eventuais lumes nunha reunión celebrada na sede do organismo consultivo. O presidente do padroado, José Ramón Santamaría Barreiro, e o vogal Adolfo Campos Carballo, expuseron ao presidente do Consello, Manuel Pérez Álvarez, as conclusións da Fundación Inade diante do risco de incendios en establecementos industriais en Galicia, os riscos que se detectan, as carencias, as necesidades e as propostas a presentar á Administración. Esas conclusións foron acadadas logo de distintas reunións mantidas con membros do Consello Galego de Seguridade Industrial, coa finalidade de atopar vías de apoio e colaboración.

Fundación Inade, Instituto Atlántico del Seguro, é unha organización sen ánimo de lucro promovida pola entidade mercantil Inade, Instituto Atlántico del Seguro e constituída no ano 2008.



- **11 marzo: REUNIÓN CO IDEGA.**

O Consello Económico e Social e o Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (Idega) da USC reuníronse para atopar novas vías de colaboración que permitan afondar no traballo en común. Cómpre lembrar que as dúas entidades convocan de xeito conxunto cada ano o

Premio Valentín Paz Andrade de investigación en economía de Galicia, que ten por obxectivo premiar aqueles traballos de investigación que contribúan ao mellor coñecemento da realidade económico-social de Galicia e ao establecemento das mellores políticas para contribuír ao benestar dos seus cidadáns.



- **14 de marzo: XORNADA SOBRE AS IMPLICACIÓNS DO GAS RADÓN.**

A sala do Pleno do CES foi o escenario elixido pola Inspección de Traballo e o Consejo de Seguridad Nuclear para a celebración dunha xornada na que se abordaron as implicacións da posible presenza deste gas radioactivo nos lugares de traballo, materia sobre a que agora ten competencias a inspección.



- **20 de marzo: XORNADA SOBRE O AVANCE DO INFORME SOBRE NOVA MOBILIDADE ANTE A COMISIÓN SECTORIAL Nº1.**

Os profesores da Universidade da Coruña Margarita Novales e Alfonso Orro, responsables da elaboración do informe do CES sobre a nova mobilidade en Galicia, compareceron nunha sesión da Comisión sectorial nº 1 para explicar o estado de situación do traballo. Logo de comentar algúns cambios sobre o índice previsto inicialmente, salientaron que a investigación está ben encamiñada aínda que queda tarefa por desenvolver antes de achegar as conclusións.



- **21 de marzo: XORNADA DEBATE SOBRE “A CIDADANÍA GALEGA E A ECONOMÍA CIRCULAR”.**

Axentes sociais, expertos e Administración coincidiron na necesidade da afondar na sensibilización da cidadanía e a formación, en particular da mocidade, para acadar unha maior difusión da economía circular.

Os coordinadores do documento, Henrique Vázquez e Carlos Rodríguez, da Universidade de Vigo, explicaron polo miúdo o contido do informe, unha completa enquisa para coñecer o

grao de coñecemento deste modelo de produción e consumo. Pola sua banda, o subdirector xeral de Residuos e Economía circular, Francisco Javier Copa Rodríguez, describiu a situación e os plans nos que traballa a Xunta neste eido. Os representantes dos axentes económicos e sociais gabaron as distintas iniciativas e mesmo as posibilidades de avanzar nun cambio de modelo e sinalaron que a Formación e a educación resulta imprescindible.



- **27 de marzo: AVANCE DO ESTUDO SOBRE ALIMENTOS SOSTIBLES ANTE A COMISIÓN SECTORIAL Nº 2.**

Os coordinadores do equipo da USC que elaboran o informe sobre alimentos sostible e xestión do territorio compareceron na sesión da Comisión sectorial nº 2 para explicar a situación actual da súa investigación aos membros da mesma. O equipo dos profesores M<sup>a</sup>

Ángeles Romero Rodríguez, David Miranda Barrós e Mar Pérez Fra, do Campus Terra da Universidade de Santiago de Compostela, comentaron a estrutura do documento a elaborar e o contido previsto para os distintos apartados. Os membros da comisión apuntaron algunha suxerencia para atender aspectos de interese para as súas organizacións.



- **1 de abril: PRESENTACIÓN DO INFORME DO EIXO ATLANTICO SOBRE O DESENVOLVEMENTO DE INFRAESTRUTURAS EN GALICIA E NORTE DE PORTUGAL NOS ÚLTIMOS 20 ANOS.**

O Consello Económico e Social foi o escenario elixido para a presentación do informe sobre o estado das infraestruturas en Galicia e no norte de Portugal. O estudo, sobre os últimos 20 anos, recolle os datos oficiais proporcionados por ADIF (Administrador de Infraestruturas Ferroviarias) e Infraestruturas de Portugal, deixando de lado calquera tipo de comunicación política ou propaganda electoral.

O presidente do Consello, Manuel Pérez, rematou o acto facendo referencia a que a reivindicación de infraestruturas debe ser apartidista e salientou que sería desexable un gran pacto das distintas forzas políticas para ter éxito na reclamación.

A presentación, desenvolvida na sala do Pleno do CES, contou coa presenza do seu presidente, Manuel Pérez; o presidente do Eixo Atlántico, Luís Nobre; Alfredo García,

vicepresidente do Eixo Atlántico; o secretario xeral do Eixo Atlántico, Xoán Vázquez Mao; e o autor do informe, Francisco Gil.

O análise realizado amosa unha visión crítica sobre o desenvolvemento das infraestruturas na Eurorrexión, salientando os avances, pero tamén os déficits persistentes. Entre os puntos máis destacados, indícase que, aínda que se lograron avances como a creación de tramos do AVE, estes foron moi limitados e non responden a unha mellora global. Por exemplo, o tramo único do AVE en Galicia e a falta de progreso na conexión entre A Coruña e Vigo son considerados insuficientes para cumprir cos estándares dunha rede ferroviaria de alta velocidade.

Un dos elementos máis negativos sinalados no informe é a autoestrada A-76, que non experimentou avance algunha nos últimos 20 anos. Así mesmo, a liña Ferrol-A Coruña e Betanzos-Lugo seguen sen avances significativos, o que limita a conectividade entre estas importantes cidades galegas.

O Eixo Atlántico tamén destacou que, a pesar dos avances en certas áreas, a xestión política das infraestruturas estivo marcada pola falta de acordos entre as forzas políticas. Neste sentido, faise un chamamento a un pacto entre as tres principais forzas políticas con representación parlamentaria para deixar de utilizar as infraestruturas como unha ferramenta de confrontación electoral e centrarse nun desenvolvemento integral e consensuado.


O informe presentado subliña a necesidade urxente dun enfoque integral e colaborativo para o desenvolvemento das infraestruturas, co fin de garantir que a rexión poida competir con outras áreas do país e de Europa.



- **22 de abril: REUNIÓN DO COMITÉ EXECUTIVO DA RTA.**

O presidente do Consello Económico e Social de Galicia será o encargado de liderar o grupo de traballo sobre emigración que está a desenvolver a Rede Transnacional Atlántica (RTA). Na reunión do Comité Executivo da organización, Manuel Pérez foi elixido como presidente do grupo que elaborará un informe sobre *“Os retos demográficos e as migracións en las regiones atlánticas”*. A vicepresidencia corresponde ao CES do Pays de Loire e o CES de Canarias será un dos relatores.

O informe prantexado tratará de identificar a problemática, os puntos en común das rexións, as súas diferencias, o desafío da migración nas rexións atlánticas e tentará avanzar propostas sobre as políticas necesarias para afrontar os cambios demográficos.



- **19 de maio: PRESENTACIÓN PRELIMINAR DO INFORME “O CAMBIO CLIMÁTICO EN GALICIA E O SEU IMPACTO NO SECTOR PRIMARIO”.**

A Comisión sectorial nº 1 asistiu a presentación do prantexamento preliminar e o índice proposto para a elaboración dun informe sobre as consecuencias do proceso de cambio climático para as producións agrogandeiras, pesqueiras e forestais galegas.

A análise será coordinada polo profesor José A. Cortés Vázquez, do Grupo de Estudos Territoriais (GET) da Universidade da Coruña. Os membros da comisión valoraron positivamente esta proposta inicial de contidos e aportaron algunhas suxestións de mellora.



- **23 de maio: REUNIÓN DOS CES AUTONÓMICOS EN GRAN CANARIA.**

A inmigración en España e os retos que supón para o noso futuro foi o asunto central do Encontro anual do CES de España e os CES das Comunidades Autónomas, que se celebrou nas Las Palmas de Gran Canaria. O CES de Galicia estivo representado polo seu presidente, Manuel Pérez, e o secretario xeral, Manuel Martínez.

Cómo cada ano, intercambiáronse experiencias e reflexións acerca de fórmulas para impulsar a participación e o diálogo social, ademais de analizar en profundidade algún dos temas de actualidade que entran no ámbito de competencias destes organismos.

A sesión inaugural arrincou coa benvida do presidente do CES de Canarias, José Carlos Francisco, e a apertura do presidente do CES de España, Antón Costas. De seguido, os participantes tiveron ocasión de asistir a unha interesante ponencia impartida pola catedrática e investigadora del Real Instituto Elcano Carmen González Enríquez, quen abordou os retos actuais da inmigración en España. Na sesión participou tamén a consejera de Bienestar Social, Igualdad, Juventud, Infancia y Familias do Gobierno canario, Candelaria Delgado.

O segundo día do encontro estivo centrado no tema “A inmigración en España”, con intervencións dos presidentes dos CES participantes. Na súa presentación, o presidente do CES de Galicia lembrou a tradición migrante desta terra e salientou a importancia que este asunto ten na sensibilidade dos axentes económicos e sociais.



- **4 de xuño: XORNADA INTERNACIONAL SOBRE A ECONOMÍA AZUL E ORDENACIÓN DO ESPAZO LITORAL EN GALICIA.**

O presidente do Consello Económico e Social, Manuel Pérez, salientou a importancia do mar para a cultura e a idiosincrasia de Galicia durante a súa intervención na inauguración da I Xornada internacional de economía azul e ordenación do espazo litoral de Galicia, organizada polo Insituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da Universidad de Santiago de Compostela (USC) e o CES, celebrada na sede do organismo consultivo. Con iniciativas como ésta, os promotores buscan poñer en valor os coñecementos e as capacidades das distintas administracións e entidades na xestión da liña de costa e os aproveitamentos socioeconómicos deses espazos.

En presenza da Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia, Ángeles Vázquez, e do director do IDEGA, Rubén Lois, Pérez lembrou a necesidade de que o ordenamento do litoral aproveite todas as súas potencialidades sen que ningún colectivo ou actividade resulte prexudicado.



- **5 de xuño: XORNADA SOBRE INTELIXENCIA ARTIFICIAL E O SEU IMPACTO NO EMPREGO, AS EMPRESAS E A ADMINISTRACIÓN.**

O CES-Galicia, en colaboración coa Universidade da Coruña, celebrou unha xornada sobre os impactos da intelixencia artificial sobre o emprego, as empresas e as administracións. O edificio CSA da Cidade das TIC da capital herculina foi o escenario do evento, que reuniu a expertos académicos, do ámbito empresarial, da administración e axentes socioeconómicos para afondar nunha nova realidade que condiciona xa, e o fará aínda máis nun futuro inmediato, o día a día da nosa sociedade.

O presidente do CES Galicia, Manuel Pérez Álvarez, que inaugurou o acto xunto co vicerreitor de economía, Ángel Fernández Castro, salientou a necesidade de contemplar na normativa a realidade da IA e de respetar os dereitos fundamentais con especial preocupación dos maiores e en xeral das persoas vulnerables, así como de ter uns principios éticos e morais claros para o seu exercicio.



- **9 de xullo: PRESENTACIÓN PRELIMINAR DO INFORME “FLUXOS MIGRATORIOS RELACIONADOS COAS NECESIDADES LABORAIS EN GALICIA”.**

Presentación do prantexamento inicial e proposta de índice diante da Comisión sectorial nº 2 a cargo do equipo redactor que puxo a “primeira pedra” do novo informe que está a elaborar o CES: un estudo sobre fluxos migratorios relacionados coas necesidades laborais en Galicia.

Os profesores da USC que abordarán o documento, coordinados por Juan Ares Fernández, fixeron unha exposición detallada para a súa valoración polos membros e manterán contactos frecuentes coa comisión a medida que avancen os traballos.



- **30 de setembro: REUNIÓN DO GRUPO DE TRABALLO DA RTA SOBRE EMIGRACIÓN.**

Os representantes do CESER BRETAGNE, CESER NOVA AQUITANIA, CES CANARIAS e CES GALICIA, baixo a presidencia do presidente do CES Galicia, Manuel Pérez, celebraron unha reunión de traballo para a elaboración do informe sobre emigración da Rede Transnacional Atlántica que ten que estar rematado antes de outubro do 2026.

Analizáronse diversas propostas feitas polos CESER franceses e polos CES españois, definíndose a proposta de eixo do traballo que será presentado a todos os membros da RTA para a súa aprobación: as políticas públicas relacionadas co envellecemento da poboación.



- **1 de outubro: ACTO DO PLENO DO CONSELLO DE APROBACIÓN DA MEMORIA SOCIOECONÓMICA 2024.**

A Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2024 foi aprobada, por unanimidade, polo Pleno do Consello Económico e Social de Galicia que respaldaron o documento anual sobre a realidade socioeconómica da Comunidade Autónoma que recolle as valoracións consensuadas polos axentes da sociedade civil organizada.



- **8 de outubro: REUNIÓN DO COMITÉ EXECUTIVO DA RTA.**

O presidente do CES Galicia, Manuel Pérez, participou no comité executivo da RTA (composto polos representantes do CESER Bretagne, CESER Normandía, CES Andalucía, CES Extremadura) para explicar os avances do grupo de emigración que preside, e que se está a encargarse de elaborar o informe sobre demografía.

Na sesión púxose de manifesto o frutífero das reunións levadas a cabo ata de agora, cómo se recompilaron os datos dos CESER/CES da RTA, o modelo de ficha empregado e os eixos escollidos para o informe.



- **16 de outubro: XORNADA “ A SUSTENTABILIDADE DO TURISMO EN GALICIA. OS RISCOS DA TURISMOFOBIA”**

No encontro, celebrado en Sober (Lugo) xunto coa organización da Unión de Consumidores de Galicia, o presidente do CES indicou que o reto é facer do turismo unha expresión de convivencia, non de conflito; unha oportunidade para mellorar a calidade de vida das persoas, non para poñerla en risco. E nese camiño, as institucións, as empresas, as asociacións e a cidadanía temos que traballar xuntos”, concluíu.

O presidente salientou tamén que “desde o Consello Económico e Social cremos firmemente que o desenvolvemento sostible —económico, social e medioambiental— non é só un obxectivo, senon unha forma de entender o progreso”.

Nas distintas ponencias da xornada e nas mesas de debate prantexadas, expertos e asistentes tiveron oportunidade de analizar, debater e buscar solucións efectivas a dúas cuestións de máxima relevancia:

por unha banda, o turismo sustentable, co establecemento de estratexias e ferramentas para asegurar que a actividade turística siga sendo un motor económico, respectuoso coa contorna e beneficiando ao conxunto da sociedade, e, por outra banda, cunha clara posición de rexeitamento da turismofobia, porque, como indicaron, a actividade turística, ben xestionada, é un ben común e cómpre ser proactivos rexeitando e desmontando as mensaxes turismófobas e sen fundamento que poden acabar estigmatizando un sector vital para Galicia.

O obxectivo do encontro foi atopar iniciativas enfocadas na aplicación práctica e na xeración de follas de ruta válidas para administracións locais e representantes do sector.



- **30 de outubro: COMPARECENCIA NO PARLAMENTO DE GALICIA.**

O presidente do Consello, Manuel Pérez explicou ante a comisión de orzamentos do Parlamento de Galicia ás iniciativas desenvolvidas polo organismo e adiantou algunhas das actividades previstas para o vindeiro curso. Cun incremento mínimo respecto a este ano, o orzamento do CES para 2026 achegárase aos 1.160.000 euros.

Os voceiros dos distintos grupos parlamentarios gabaron o labor desenvolvido polo CES como representación da sociedade civil organizada, a súa independencia e o rigor dos

documentos que publica e valoraron especialmente que as opinións que expresan apuntan os problemas da sociedade galega.



- **10 de novembro: XORNADA-DEBATE SOBRE SAÚDE MENTAL.**

No marco do informe do CES sobre a saúde mental en Galicia, expertos nesta materia e axentes sociais debateron sobre a realidade da situación, as características do sistema y apuntaron algunhas propostas para a súa mellora.

No encontro, púxose de manifesto que, no campo da saúde mental, estamos diante dun grave problema sanitario e social ó que lle hai que prestar máis atención e darlle mais recursos. Os coordinadores de informe salientaron que os problemas de saúde mental irán aumentando, ó ser un efecto dos novos tempos, da nova sociedade, tanto en adolescentes e persoas novas, como en persoas maiores.

Unha das preocupacións máis comentadas na xornada foi a implicación do mundo do traballo, dado que a saúde mental incide de cheo no medio laboral. Un mal entorno laboral implica consecuencias negativas para traballadores e empresas e pon en risco a desexable saúde mental. Sindicatos e empresarios coincidiron en que cómpre prestarlle máis atención á mesma e ás súas causas, desde factores biolóxicos ou xenéticos, a factores ambientais e sociais e, por suposto, factores psicolóxicos.



- **19 de novembro: VISITA AS INSTALACIÓNS DO ASTELEIRO NAVANTIA EN FERROL.**

Unha representación de membros do Consello Económico e Social de Galicia, encabezada polo presidente do organismo, Manuel Pérez, visitou o asteleiro de Navantia en Ferrol e tivo ocasión de coñecer de primeira man a realidade desta empresa punteira. Atendidos por responsables da instalación, os visitantes comenzaron cun repaso á historia do asteleiro, tres séculos de construción naval que son parte da identidade e idiosincrasia da cidade departamental. Tamén tiveron ocasión de comprobar o día a día actual, cun recorrido por distintos talleres onde se constrúen as avanzadas fragatas da serie F-110, de deseño propio de Navantia e que son un paso adiante sobre a serie anterior.

Unha das características máis salientables da empresa en Ferrol é a decidida aposta pola innovación e a sostibilidade, co deseño de solucións de vangarda, como xemelgos dixitais dos buques ou a investigación avanzada liderada polo Centro de Innovación e Robótica que, creado en 2022, representa un pilar clave na transformación dixital da compañía e na modernización da construción naval. Os visitantes poideron comprobar que as instalacións xa adoptaron o Asteleiro 4.0 e a dixitalización dos procesos.

O colofón do recorrido foi a nova fábrica dixital de bloques (FdB), aínda en construción pero xa moi avanzada. Os seus responsables explicaron aos membros do CES que a FdB é un programa tractor que cubre desde a preparación e elaboración do aceiro ata a formación de bloques e subbloques (as enormes pezas coas que se formarán os buques) e incluírá equipos robotizados de soldadura laser, control de pintado e sensores que permitirán a activación dun xemelgo dixital da instalación.



- **20 de novembro: ACTO DE ENTREGA NO PARLAMENTO DA MEMORIA SOBRE A SITUACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DE GALICIA 2024.**

O presidente do Consello Económico e Social de Galicia, entregou ao presidente do Parlamento, Miguel Ángel Santalices Vieira a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2024 elaborada polo organismo consultivo. No encontro participou tamén a presidenta de turno da Comisión encargada da elaboración do documento, Natividade López

Gromaz, membro do Consello en representación da CIG. Como cada ano, o CES remite ao Parlamento o informe socioeconómico para que quede a disposición dos distintos grupos políticos.



- **27 de novembro: XORNADA DE CIBERSEGURIDADE, PROTECCION DA CIDADANÍA E CRECEMENTO ECONÓMICO.**

Organizada pola Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) en colaboración co Consejo Económico y Social de España (CES) e na que participou o presidente do CES-Galicia, Manuel Pérez.

O acto serviu tamén para presentar o informe gañador do premio de investigación do CES de España na súa XXII edición: “Guardianes digitales para un crecimiento sostenible: ciberseguridad y protección ciudadana en la era de la transformación digital” elaborado por un equipo de profesores galegos dirixidos por Alberto Vaquero.

A xornada contou tamén coa participación da Delegación del Gobierno en Galicia, a Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia (Amtega), a Cátedra Economía de la Ciberseguridad – CECOCIB USCINCIBE, el Premio de Investigación CES España, INEO – Asociación Multisectorial de Nuevas Tecnologías de Información y Comunicación, CSIRT.gal y CIBER.gal, así como Pintos & Salgado Abogados, Plexus Tech, Masorange en Galicia e Hijos de Rivera.



- **12 de decembro: PLENO DO OBSERVATORIO GALEGO DE DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA.**

O presidente do Consello Económico e Social de Galicia, Manuel Pérez, foi o encargado de abrir e dar a benvida institucional á sesión do pleno do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, que ten a súa sede neste organismo consultivo. Na sesión, os representantes e

membros do Observatorio aprobaron o informe anual do organismo, que este ano está adicado ao problema do envelhecimento poboacional.



Información mis detallada na web do CES: <https://www.ces-galicia.org/actualidade/>

## 2.3 PRESENZA INSTITUCIONAL

Como parte da súa actividade, tanto presidente coma o secretario xeral participaron en distintos actos en representación institucional do Consello ou atenderon as inquiredanzas e propostas de traballo de distintos organismos.

No ano 2025 e por orde cronolóxico foron os seguintes:

- 15 de xaneiro: Estratexia galega de economía social. Resultados 2024 e axenda 2025.
- 4 de febreiro: 35 aniversario xornal EL MUNDO.
- 5 de febreiro: Apertura do curso académico 2025 e entrega dos “Premios de Investigación Fundación Barrié-RAGC”. Real Academia Galega das Ciencias.
- 25 de febreiro: Encontro empresarial da CEP “Conectando el noroeste”.
- 26 de febreiro: 14 congreso nacional UGT.
- 8 de marzo: Entrega de premios 10 de Marzo de CCOO.
- 19 de marzo: V edición dos premios Valedora do pobo aos mellores TFG e TFM en materia de igualdade e dereitos das mulleres.
- 20 de marzo: Toma de posesión do Xefe da Comandancia da Guardia Civil de Pontevedra.
- 24 de marzo: VII Gala dos Premios Cegasal.
- 7 de abril: Clausura Asamblea General CEP.
- 9 de abril: Traspaso formal das competencias sobre a xestión do litoral de Galicia.
- 13 de abril: XLV Feira do viño de Amandi.
- 15 de abril: Acto de Goberno: Estilo Galicia.
- 7 de maio: Entrevista ca Presidenta da Comisión de Dereitos Lingüísticos para a Renovación do Plan xeral de Normalización da Lingua Galega.
- 13 de maio: Foro del Noroeste
- 14 de maio: Entrega dos premios Galicia Segura.
- 15 de maio: Inauguración 13 Congreso CCOO de Galicia.
- 17 de maio: Día das Letras Galegas en Malpica de Bergantiños.
- 18 de maio: 181 Aniversario da fundación da Guardia Civil.
- 24 de maio: IX Congreso da CIG.
- 27 de maio: Xornadas europa press “Galicia hacia el futuro”.
- 28 de maio: La Voz de Galicia, “Galicia en voz alta”.
- 27 e 28 de maio: II Congreso internacional de Consumo, Unión de Consumidores de Galicia.
- 9 de xuño: Gala de entrega 2ª ed. Premios empresas do ano en Galicia.
- 17 de xuño: Inauguración da Feira Internacional Mindtech 2025, IFEVI.
- 25 de xuño: Un país coa súa lingua. Foro participativo: Economía, turismo e deporte.
- 28 de xuño: Imposición das Medallas Castelao 2025.
- 11 de xullo: Inauguración VI Edición Festival ARVI do Peixe. Vigo SeaFest 2025.

- 14 de xullo: Entrega da Medalla de Galicia 2025 á Sua Alteza Real a Princesa de Asturias.
- 17 de xullo: Presentación Anuario 2025 do Foro económico de Galicia.
- 23 de xullo: 40 aniversario da CRTVG.
- 24 de xullo: Entrega das Medallas de Galicia 2025.
- 25 de xullo: Misa Pontifical na Solemnidade do Apóstolo Santiago.
- 25 de xullo: Ofrenda ao Apóstolo Santiago.
- 4 de setembro: Inauguración do curso académico universitario 2024-25 na USC.
- 15 de setembro: Recepción oficial do Buque Escola BAP “Unión” no porto de Vigo.
  
- 2 de outubro: V foro empresarial pola Igualdade. Mulleres que transforman. CEP.
- 3 de outubro: Investidura como Doutora Honoris Causa pola UDC de María Emilia Casas Baamonde.
- 6 de outubro: Entrega do título de Filla Adoptiva da cidade da Coruña á Dona Rosa Otero Raña.
- 9 de outubro: Gala homenaxe Asociación Érguete, Vigo.
- 15 de outubro: Xornada “A sustentabilidade do turismo en Galicia. Os riscos da turismofobia”.
- 24 de outubro: Homenaxe a Suso Díaz. CCOO Galicia.
- 28 de outubro: Inauguración da exposición “Francisco Asorey, una recuperación necesaria”.
- 29 de outubro: Acto de investidura como doutora honoris causa pola Universidade de Vigo de María Begoña Vila costas.
- 30 de outubro: Comparecencia no Parlamento de Galicia sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da C.A. de Galicia.
- 31 de outubro: 2º Concurso de Proxectos Cofinanciados con Fondo Europeos #EuropaXunta.
- 6 de novembro: II premios Benfeito de consumo. Unión de Consumidores de Galicia.
- 12 de novembro: Entrega XXVII edición Premios Manuel Colmeiro.
- 14 de novembro: 30 aniversario da IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres de Beijing, Parlamento de Galicia.
- 20-21 de novembro: 25 Congreso internacional de Galicia e Norte de Portugal de formación para o traballo. USC e Instituto do emprego e Formación profesional.
- 25 de novembro: Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres. Xunta de Galicia.
- 27 de novembro: Xornadas “Ciberseguridad: protección de los ciudadanos y crecimiento económico”. CEG.
- 27 de novembro: Premios “Gallegos del Año” de El Correo Gallego.
- 28 de novembro: Visita de D. Antonio Costa Comesaña, presidente do CES, á Fundación Laboral de la Construcción.
- 28 de novembro: Presentación do proxecto Sensogenomics no IDIS.
- 4 de decembro: Inauguración da exposición “Crear porvir”. Afundación.
- 4 de decembro: Almorzo do Foro económico de Galicia.
- 9 de decembro: Reunión do xurado do XII Premio “Valentín Paz Andrade”.

- 12 de decembro: Gala das empresas ourensanas 2025. CEO.
- 15 de decembro: Clausura assemblea general CEP.
- 16 de decembro: Belén da Asociación Galega San Francisco, Vigo.

## 2.4 COMPARENCIAS.

**-17 de febreiro:** A directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial da Consellería de Economía e Industria, Margarita Ardao, acompañada pola xefa do servizo de Promoción Industrial, Belén Yáñez, compareceu ante a Comisión sectorial nº 1 do CES para explicar polo miúdo as liñas básicas do plan sectorial do naval de Galicia, asunto no que a Comisión esta a traballar.

**-5 de maio:** A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, Natalia Lobato e a directora xeral de Saúde Pública, Carmen Durán, comparecen para explicar ante a Comisión Sectorial 2ª a razón de ser e os seus principios básicos do Anteproxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das conductas adictivas.

## 2.5 VISUALIZACIÓNS CANLES YOUTUBE


A táboa de datos e o gráfico seguintes amosan as visualizacións das distintas iniciativas que están gravadas e a disposición dos usuarios.

### Emisións do CES en streaming

Ponencia	Visualizacións acumuladas
As VUT en Galicia: perspectiva urbanística	224
Xornada sobre o futuro do medio rural	569
Xornadas Economía Social (1)	728
Xornadas Economía Social (2)	1033
O sistema de coidados de longa duración en Galicia, prestación de servizos e creación de emprego	306
La tarifa eléctrica en España	1398
Xornadas dixitalización	457
O cambio climático e transición enerxética	517

Fonte: Elaboración propia a partires de Youtube

## Emisións do CES en streaming



Fonte: Elaboración propia a partires de Youtube

## 2.6 REUNIONS DOS ORGANOS COLEXIADOS

Para cumprir as súas funcións, o CES organízase en comisións sectoriais de traballo, ademais dunha Comisión Permanente e o Pleno. A súa composición e estrutura poden consultarse na primeira parte desta memoria de actividades e, como todo o resto do material documental, na web do Consello.

A actividade do exercicio 2025 demandou a celebración de 8 sesións plenarias, 10 reunións da Comisión Permanente e 30 sesións das distintas comisións sectoriais que elaboran as propostas dos traballos. Resúmense de seguido os cometidos abordados por estes órganos colexiados:

### Pleno: 8 sesións

- 1/25 celebrada o 6 de febreiro: aprobación da proposta de ditame sobre “A cidadanía galega e a economía circular”.
- 2/25 celebrada o 28 de febreiro: aprobación da proposta de ditame sobre o plan director do automóbil de Galicia.

- 3/25 celebrada o 19 de marzo: aprobación da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Plan director da construción naval 2025-2027 e aprobación da proposta de informe “Arquitectura e oficios en Galicia: perspectivas de futuro”
- 4/25 celebrada o 9 de maio: Modificación da RPT do Consello polo proceso de funcionarización do persoal do gabinete técnico.
- 5/25 celebrada o 11 de xullo: aprobación da proposta de ditame sobre Anteproxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas.
- 6/25 celebrada o 15 de setembro: aprobación da proposta de orzamento do CES para 2026
- 7/25 celebrada o 1 de outubro: aprobación da proposta de Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2024.
- 8/25 celebrada o 17 de novembro: aprobación da proposta de informe sobre a saúde mental en Galicia e toma de decisión sobre a petición de ASAGA de integración no CES.

### **Comisión Permanente: 10 sesións**

- 1/25 celebrada o 27 de xaneiro: Tramitación da proposta de informe sobre “A cidadanía galega e a economía circular”. Plan de traballo do CES para 2025.
- 2/25 celebrada o 17 de febreiro: Tramitación da proposta de ditame sobre o plan director do sector da automoción 2025-2027.
- 3/25 celebrada o 13 de marzo: Tramitación da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Plan director da construción naval 2025-2027. Tramitación da proposta de informe “Arquitectura e oficios en Galicia: perspectivas de futuro”. Proceso funcionarización persoal gabinete técnico do CES. Informe do presidente.
- 4/25 celebrada o 30 de abril: Proposta de iniciativa da Asociación de Amas de Casa sobre pensións. Proposta de Consumidores sobre adaptación tramos IRPF por descendentes, ascendentes ou cónxuxe con discapacidade. Toma de postura sobre o escrito presentado polas Confrarías en relación ao formato das sesións. Modificación da RPT do Consello polo proceso de funcionarización do persoal do gabinete técnico. Toma de postura acerca do escrito da Asesoría Xurídica en relación coa presenza de ASAGA no CES. Informe do presidente.
- 5/25 celebrada o 9 de xullo: Tramitación da proposta de ditame sobre o Anteproxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas aditivas.
- 6/25 celebrada o 11 de setembro: Tramitación da proposta de orzamento do CES para 2026.
- 7/25 celebrada o 1 de outubro: Tramitación da proposta de Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2024.
- 8/25 celebrada o 20 de outubro: Toma de decisión sobre a solicitude de ASAGA de integración no CES.

- 9/25 celebrada o 5 de novembro: Valoración do informe de Medio Rural sobre a representatividade no sector agrario e toma de decisión sobre a solicitude de ASAGA de integración no CES.
- 10/25 celebrada o 4 de decembro: Proposta de apoio á declaración do cooperativismo galego polo Ano Internacional das Cooperativas 2025, presentada pola representante da Economía social no CES.

### **Comisión Sectorial nº 1- Economía, emprego e sectores produtivos: 10 sesións.**

- 1/25 celebrada o 17 de xaneiro: Elaboración da proposta de ditame sobre o plan sectorial da automoción de Galicia.
- 2/25 celebrada o 24 de xaneiro: Continuación dos traballos de elaboración da proposta de ditame sobre o plan sectorial da automoción de Galicia.
- 3/25 celebrada o 29 de xaneiro: Aprobación da proposta de informe sobre “Arquitectura e oficios en Galicia”.
- 4/25 celebrada o 7 de febreiro: Comparecencia do secretario xeral de industria e da directora xeral de estratexia industrial sobre o plan sectorial do naval de Galicia. Elaboración da proposta de ditame sobre o plan sectorial do naval de Galicia.
- 5/25 celebrada o 17 de febreiro: Comparecencia do secretario xeral de industria e da directora xeral de estratexia industrial sobre o plan sectorial do naval de Galicia. Elaboración da proposta de ditame sobre o plan sectorial do naval de Galicia.
- 6/25 celebrada o 28 de febreiro: Continuación da elaboración da proposta de ditame sobre o plan director do naval de Galicia.
- 7/25 celebrada o 20 de marzo: Avance de situación do informe sobre nova mobilidade, a cargo do equipo redactor.
- 8/25 celebrada o 21 de marzo: Celebración dunha xornada de debate e coloquio sobre o informe economía circular e cidadanía galega
- 9/25 celebrada o 19 de maio: Comparecencia do equipo da Universidade da Coruña que está a preparar o informe sobre cambio climático para explicar a súa proposta e debate sobre o índice e contido do informe sobre vivenda.
- 10/25 celebrada o 14 de xullo: Decisión sobre a proposta de informe sobre Análise e diagnóstico microeconómico da competitividade.

### **Comisión sectorial nº 2- Sector público e benestar social: 10 sesións.**

- 1/25 en sesión do 27 de marzo: Presentación do estado actual do traballo de elaboración do informe sobre alimentos sostibles e xestión do territorio, a cargo do equipo redactor.
- 2/25 en sesión do 5 de maio: Comparecencia da secretaria xeral de Sanidade e a directora xeral de Saúde Pública para explicar a filosofía e o contido do Anteproxecto de lei de

protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas aditivas, sometido a ditame.

- 3/25 en sesión do 21 de maio: Análise da proposta de ditame sobre o Anteproxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas aditivas.
- 4/25 en sesión do 2 de xuño: Continuación da elaboración da proposta de ditame sobre o Anteproxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas aditivas.
- 5/25 en sesión do 9 de xuño: Comparecencia do equipo da Universidade de Vigo encargado da elaboración do informe sobre dependencia e a súa relación co reto demográfico para a presentación do prantexamento inicial e o índice proposto para o traballo. Continuación da elaboración da proposta de ditame sobre o Anteproxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas aditivas.
- 6/25 en sesión do 30 de xuño: Continuación da elaboración da proposta de ditame sobre o Anteproxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas aditivas.
- 7/25 en sesión do 9 de xullo: Comparecencia do equipo da Universidade de Santiago encargado da elaboración do informe sobre fluxos migratorios relacionados coas necesidades laborais en Galicia para a presentación do prantexamento inicial e o índice proposto para o traballo.
- 8/25 en sesión do 25 de setembro: Análise da proposta de informe sobre saúde mental en Galicia, con presentación a cargo do equipo encargado da súa elaboración.
- 9/25 en sesión do 10 de novembro: Xornada de debate sobre o informe sobre saúde mental en Galicia, con presentación a cargo do equipo encargado da súa elaboración.
- 10/25 en sesión do 17 de decembro: Presentación da proposta de informe sobre alimentos sostibles e xestión do territorio, a cargo do equipo redactor.


#### **Comisión sectorial nº 4- Memoria socioeconómica: 10 sesións.**

Como cada ano, a Comisión Sectorial nº 4 elaborou a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2024, para o que foron necesarias oito sesións de análises e debates xurdidos das novas propostas e froito do acontecer da nosa economía.

- 1/25 celebrada o 6 de marzo: Análise e valoración de eventuais melloras para a elaboración da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2024.
- 2/25 celebrada o 8 de maio: Análise da proposta de capítulo 2.- Mercado de traballo da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2024.
- 3/25 celebrada o 22 de maio: Análise da proposta de capítulo 4.- Calidade de vida e benestar social da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2024. Proposta de Consideracións do capítulo 2 da Memoria.


- 4/25 celebrada o 12 de xuño: Análise da proposta de capítulo 5.- Recursos e capacidades para o desenvolvemento da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2024.
- 5/25 celebrada o 23 de xuño: Análise (repasso) das propostas de capítulos 2, 4 e 5 da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2024. Revisión consideracións capítulos 2 e 4 e proposta de Consideracións do capítulo 5 da Memoria.
- 6/25 celebrada o 10 de xullo: Análise da proposta de capítulo 1.- Panorama económico da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2024. Proposta de Consideracións do capítulo 1 da Memoria.
- 7/25 celebrada o 23 de xullo: Análise da proposta de capítulo 3.- Dinamismo do tecido produtivo da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2024. Proposta de Consideracións do capítulo 3 da Memoria. Revisión da proposta de Consideracións do capítulo 1 da Memoria.
- 8/25 celebrada o 16 de setembro: Aprobación dos aspectos pendentes da proposta de consideracións dos capítulos 1 e 3 da Memoria. Revisión final da proposta de Memoria 2024.
- 9/25 celebrada o 25 de setembro: Decisión sobre os últimos cambios da proposta de consideracións dos capítulos 1 e 3 da Memoria.
- 10/25 celebrada o 18 de decembro: Análise de propostas sobre eventuais melloras para e elaboración da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2025.

**Reunións da CP e do Pleno: 2012-2025**



Fonte: Elaboración propia

## Reunións das comisións sectoriais: 2012-2025



Fonte: Elaboración propia

## 2.7 PRÉSTAMO DE SALAS PARA ACTIVIDADES DE OUTROS ORGANISMOS

Como órgano de debate, na sede do Consello acollemos tamén a outros organismos que o longo do 2025 na Sala de Plenos do CES levaron a cabo as seguintes actividades e reunións.

- 11 de febreiro:** Reunión para o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE).
- 27 de marzo:** Grupo de traballo coas persoas actuantes do AGA.
- 8 de abril:** Consello de Turismo.
- 11 de abril:** Reunión do Observatorio da Lusofonía “Valentín Paz Andrade”.
- 14 de abril:** Reunión cos sectores afectados polos aranceis.
- 24 de abril:** Pleno do Consello Galego das Mulleres.
- 25 de abril:** Mesa negociadora do convenio autonómico de transporte de enfermos e accidentados en ambulancia.
- 22 de maio:** Xuntanza da mesa negociadora do convenio colectivo do sector de hostalería da provincia da Coruña.
- 5 de xuño:** Pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero.
- 23 de xullo:** Reunión do Consello Galego de Medio Ambiente.
- 24 de xullo:** Reunión ordinaria do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago.

- 9 de outubro**: Comisión Sectorial dos directores xerais de Consumo das diferentes Comunidades Autónomas.
- 14 de outubro**: Observatorio galego contra a violencia de xénero.
- 21 de outubro**: Consello da minaría.
- 22 de outubro**: Mesa negociadora do convenio colectivo de ambulancias de Galicia.
- 5 de novembro**: Conferencia “The Perils and Advantages of Asymmetric Decentralization Arrangements”.
- 6 de novembro**: Conferencia “The Perils and Advantages of Asymmetric Decentralization Arrangements”.
- 13 de novembro**: Mesa negociadora do convenio colectivo de ambulancias de Galicia.
- 18 de novembro**: Comité de seguimento do programa FSE+ 2021-2027.
- 26 de novembro**: Pleno do Observatorio LGBTIQ+ de Galicia.
- 15 de decembro**: Mesa negociadora do convenio colectivo de ambulancias de Galicia.